

ACTA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL
Sesión do 14 de marzo de 2014

ASISTENTES:

Membros :

D. Abel Caballero Álvarez
D^a M^a Carmen Silva Rego
D. Carlos López Font
D^a M^a Jesús Lago Rey
D. Cayetano Rodríguez Escudero
D^a. M^a Isaura Abelairas Rodríguez
D. José Manuel Fernández Pérez

NON ASISTEN:

D^a. Raquel Díaz Vázquez
D. Angel Rivas González
D. Santos Héctor Rodríguez Díaz

Invitados:

D. David Regades Fernández

Na Casa do Concello de Vigo, ás trece horas e trinta e cinco minutos do día catorce de marzo de dous mil catorce e baixo a presidencia do Excmo. Sr. alcalde, Sr. Caballero Álvarez, coa asistencia dos concelleiros/as anteriormente citados, actuando como Secretaria a concelleira, Sra. Lago Rey, constitúese a Xunta de Goberno Local desta Corporación co obxecto de realizar sesión EXTRAORDINARIA E URXENTE de acordo coa orde do día remitida a tódolos membros coa antelación legal precisa.

Están tamén presentes por invitación, o secretario de Admón. Municipal, Sr. Lorenzo Penela, por ausencia da titular do órgano de apoio á Xunta de Goberno Local, e o interventor xeral, Sr. García Alvarez, e a titular da Asesoría Xurídica, Sra. Parajó Calvo.

A Xunta de Goberno Local adopta os seguintes acordos:

1(227).- RATIFICACIÓN DA URXENCIA.

A Xunta de Goberno local ratifica a urxencia da sesión.

2(228).- ADXUDICACIÓN DO PROCEDEMENTO ABERTO PARA A CONTRATACIÓN DOS SERVIZOS BIBLIOTECARIOS COMPLEMENTARIOS PARA A BIBLIOTECA PÚBLICA MUNICIPAL XOSÉ NEIRA VILAS EXPTE. 14147/331.

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe de fiscalización do 25.02.14, e de acordo coas propostas da Mesa de Contratación do 19.02.14 e do 13.03.14, a Xunta de Goberno local acorda:

Adxudicar a LTM SERVICIOS BIBLIOTECARIOS, S.L., o procedemento aberto para a contratación dos servizos bibliotecarios complementarios para a biblioteca pública

municipal Xosé Neira Vilas (expediente 14147-331) por un prezo total de 762.300,00 € (IVE incluído), sendo a cota correspondente o IVE de 132.300,00 €, e a aportación das seguintes melloras:

- 20 equipos informáticos coas características técnicas mínimas descritas no apartado 8.B.2.1. da FEC, valorados en 10.000 €, para substituír aos que están actualmente en uso na biblioteca no curso dos tres primeiros anos do contrato.
- 1 dispositivo conta-persoas WIFI coas características técnicas mínimas descritas no apartado 8.B.2.2 da FEC.
- Sistema de calidade específico para a biblioteca: Norma ISO 9001
- Novos dispositivos electrónicos portátiles para o mellor funcionamento do servizo:
 - 2 e-readers
 - 1 ipad
 - 4 reproductores mp4
- Servizo de reprografía e impresión de documentos de forma gratuíta ata un máximo de 10 copias en branco e negro por usuario/día.
- Horario de apertura: incremento dunha hora/semanal sobre o mínimo previsto de 5, adicada a traballo interno, visitas guiadas e cursos. Total 6 horas semanais de horario restrinxido e 35 horas/semanais de apertura ó público.
- Incorporación na colección de novos centros documentais de interese (seccións temáticas):
 - Vigo
 - Bibliolabora
 - Cociña e nutrición
- Novas propostas de actividades de extensión cultura bibliotecaria:
 - Puntos de lectura na cidade
 - Campaña de doazón de libros por material escolar
 - Estoxos: Coñece o teu barrio
- No Plan de Comunicación, un maior desenvolvemento do marketing online:
 - Marketing de contido: actualización do blog
 - Email marketing de permiso: actualización de newsletter
 - Códigos QR
 - Sitio Web
 - Mellora no posicionamento e obtención de resultados de búsquedas SEO e SEM

- SMO (Optimización Social Media). Redes sociais
- Vídeo Social
- Melloras dos recursos humanos e perfil profesional adscrito á prestación
 - Equipo humano:
 - 1 director-coordinador do proxecto bibliotecario
 - 1 técnico de bibliotecas
 - 2 auxiliares técnicos de bibliotecas
 - Maior titulación da esixida: 3 persoas con titulación superior e unha con formación profesional de grao superior
 - Persoal especializado en community management
- Outros útiles e medios tecnolóxicos de apoio:
 - Software OPEN ERP
 - Adobe Creative Suite CS6
 - MaxBulk Mailer
 - FileMaker ProcedenteNetwork Attached Storage
 - Bright Autor

O adxudicatario destinará ás prestacións que se indican as seguintes coantías desglosada, ofertadas dentro do prezo total do contrato:

Actividades de extensión cultural e bibliotecaria	72799,65
Difusión e comunicación	83548,08
Subscricións	14483,7
Fondos	65.329,11
Mantemento xeral dos equipos técnicos de funcionamento bibliotecario (préstamo automatizado, equipos e programas informáticos, etc)	14483,7
Biblioteca dixital (plataforma tecnolóxica de préstamo máis fondo editorial)	29043,63

Todo iso de acordo cos pregos de prescricións técnicas e de cláusulas administrativas particulares aprobados por acordo da Xunta de Goberno e a oferta presentada.

3(229).- PROPOSTA DE ADXUDICACIÓN DA CONTRATACIÓN PARA A ADQUISICIÓN DE ENTRADAS DO ESTADIO DE BALAIÓDOS PARA O FOMENTO DO DEPORTE ENTRE POBOACIÓN ESCOLAR E OUTROS COLECTIVOS E PERSOAS ECONOMICAMENTE DESFAVORECIDAS. EXPTE. 12946/333.

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe de fiscalización do do 14.03.14, e de acordo co informe-proposta do secretario da Mesa de Contratación do 13.03.14, conformado polo director deportivo do IMD e xefe da Oficina Técnica, a Xunta de Goberno local acorda:

Adxudicar o REAL CLUB CELTA DE VIGO, SAD, CIF: A3609105, procedemento negociado sen publicidade de contratación para a adquisición de mil seiscentas entradas á denominada grada de fondo do estadio de Balaídos, para o fomento do valores sociais do deporte como actividade de ocio entre a poboación escolar, colectivos de discapacitados e persoas economicamente desfavorecidas, facilitando o seu acceso ao estadio de Balaídos para presenciar, desde a denominada grada de fondo do estadio, os seis partidos que restan por disputar ao Real Club Celta de Vigo na presente tempada 2013-2014 da división de honor de fútbol. (expte 12946/333), coas seguintes condicións:

- O Prezo do conrao e de 145.200,00 euros, sendo a cota correspondente o IVE de 25.200,00 euros. O número de entradas é de 9,600 entradas para os seis partidos (1.600 por partido).

Todo iso de acordo cos pregos de prescricións técnicas e de cláusulas administrativas particulares aprobados por acordo da Xunta de Goberno de data 6 de marzo de 2014 e a oferta presentada.

4(230).- CONCESIÓN DE SUBVENCIÓN NOMINATIVA Á FUNDACIÓN MARCO PARA PROGRAMAS DE ACTIVIDADES E FUNCIONAMENTO DO EXERCICIO 2014. EXPTE. 715/341.

Examinadas as actuacións do expediente, dáse conta do informe-proposta do xefe do Servizo de Museos Municipais, do 14.03.14, conformado polo xefe do Servizo de Xestión e Promoción Cultural, polo concelleiro-delegado da Área de Cultura, Festas e Museos e fiscalizado de conformidade polo interventor xeral, que di o seguinte:

O concelleiro-delegado da Área de Cultura Festas e Museos informa a esta xefatura do Servizo de Festas e Museos que o expediente 715/341 de "Subvención nominativa do Concello de Vigo á Fundación Marco, para o exercicio 2014" foi retirado da Orde do Día da sesión ordinaria da Xunta de Goberno Local que se realizou no día de hoxe; debido a que se está a desenvolver o proceso de elaboración dos presupostos do Concello de Vigo para o exercicio de 2014, polo que non resulta posible determinar a contía exacta da transferencias de capital á Fundación Marco-Museo de Arte Contemporánea de Vigo, promovida polo Concello de Vigo e na que resulta un patrono fundamental para o seu funcionamento e desenvolvemento de actividades.

De todas formas compre adoptar algún acordo que permita o funcionamento da Fundación Marco, durante un cuatrimestre, cunha achega parcial do Concello de Vigo a conta da subvención definitiva que se resolva no seu día

Por este motivo, coa conformidade do concelleiro-delegado da Área de Cultura, Festas e Museos e do Xefe do Servizo de Xestión e Promoción Cultural realízase a seguinte

PROPOSTA Á XUNTA DE GOBERNO LOCAL

1.- Outorgar unha subvención a conta por importe de 200.000 € (douscentos mil euros) con cargo á contía definitiva que se consigne no presuposto do Concello de Vigo para 2014 a favor de Fundación MARCO, CIF: G36909885, co obxecto de financiar o seu programa de actividades e funcionamento durante o primeiro cuatrimestre do ano 2014, con cargo á partida 3340.489.00.03 "Fundación MARCO", que figura no orzamento prorrogado de 2013 do Concello de Vigo para o ano 2014.

2.-No seu día someterase o informe-proposta definitivo de concesión de subvención para o exercicio 2014, á Xunta de Goberno Local, de acordo coa normativa de aplicación e as condicións e obrigas que estableza o órgano de goberno á Fundación Marco.

Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

5(231).- PLAN DE SEGURIDADE E SAÚDE E PLAN DE XESTIÓN DE RESIDUOS DAS OBRAS DO PROXECTO "MELLORA DE ACCESIBILIDADE PEONIL ENTRE A PORTA DO SOL E ABELEIRA MENÉNDEZ. FASE I". EXPTE. 2525/443.

Dáse conta do informe-proposta do xefe da Área de Fomento, do 31.01.14, conformado polo concelleiro delegado de dita Área, que di o seguinte:

Obra: "MELLORA DA ACCESIBILIDADE PEONIL ENTRE A PORTA DO SOL E ABELEIRA MENÉNDEZ. FASE I". Expte. 2421/443.

Localidade e situación: RÚA DA II REPÚBLICA.

Órgano de Contratación: CONCELO DE VIGO.

Autor/a do proxecto: D. SANTIAGO LÓPEZ FONTÁN e D^a BEGOÑA ARRANZ GONZÁLEZ.

Dirección facultativa: D. ÁLVARO CRESPO CASAL.

Contratista titular do plan: CIVISGLOBAL, SL.

Coordinador/a de seguridade e saúde durante a elaboración do proxecto:----.

Autor/a do estudo de seguridade e saúde ou do estudo básico: D. SANTIAGO LÓPEZ FONTÁN, D^a. BEGOÑA ARRANZ GONZÁLEZ.

Autor/a do plan de seguridade e saúde no traballo: D^a BEATRIZ FERNÁNDEZ ESTÉVEZ (CIVISGLOBAL, SL).

Coordinador/a de seguridade e saúde durante a execución da obra ou componentes da dirección facultativa da obra: D. GUSTAVO MARTÍNEZ RODRÍGUEZ (APPLUS NORCONTROL, SLU).

Autor/a do plan de Xestión de Residuos de Construcción e Demolición: CIVISGLOBAL, SL.

Visto o informe dos técnicos titulados arriba expresados, referente ao:

-Plan de seguridade e saúde establecido para esta obra, documento que foi redactado nos termos previstos no Real Decreto 1627/1997, de 24 de outubro, e disposicións concordantes da Lei 31/1995 de 8 de novembro, do Regulamento aprobado polo Real Decreto 39/1997, de 17 de xaneiro e do Real Decreto 337/2010, de 19 de marzo.

-Plan de Xestión de Residuos, considérase que reúne as condicións técnicas requiridas polo R.D. 105/2008 para súa aceptación. O devandito plan formará parte dos documentos contractuais da obra xunto aos que acreditan a correcta xestión de residuos, facilitados á Dirección Facultativa polo posuidor e o xestor dos residuos.

Considerando que, coas indicacións antes consignadas, o plan de seguridade e saúde no traballo, reúne as condicións técnicas requiridas polo Real Decreto 1627/1997, para propor a súa aprobación, debendo servir de instrumento básico de ordenación das actividades de identificación e, no seu caso, avaliación dos riscos e planificación da actividade preventiva, por parte da empresa contratista á que se refire, no seu capítulo II, o Regulamento dos Servizos de Prevención e o plan de xestión de residuos reúne as condicións requiridas polo R.D. 105/2008, para propor a súa aceptación.

En consecuencia ao anteriormente indicado, faise á Xunta de Goberno Local a seguinte PROPOSTA:

1. Aprobar o plan de Seguridade e Saúde da obra "MELLORA DA ACCESIBILIDADE PEONIL ENTRE A PORTA DO SOL E ABELEIRA MENÉNDEZ. FASE I".
2. Aceptación do plan de Xestión de Residuos da mencionada obra.

Do presente acordo daráselle traslado á empresa adxudicataria CIVISGLOBAL, SL., a cal a súa vez xunto co plan de seguridade e saúde dará conta á Autoridade Laboral competente, ao servizo de prevención constituído na empresa ou concertado con entidade especializada allea á mesma, segundo preveñen a Lei 31/1995, de 8 de novembro, a efectos do cumprimento do seu artigo 31.3, a) b) c) d) e) e f); ás persoas ou órganos con responsabilidades en materia de prevención nas empresas intervinientes ou concorrente na obra e aos representantes dos traballadores, a efectos de que poidan presentar por escrito e de forma razoada, as suxestións e alternativas que estimen oportunas (artigo 7.4 do Real Decreto 1627/1997).

Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

6(232).- NOMEAMENTO DE DIRECCIÓN FACULTATIVA DAS OBRAS DO PROXECTO "MELLORA DE ACCESIBILIDADE PEONIL ENTRE A PORTA DO SOL E ABELEIRA MENÉNDEZ. FASE I". EXPTE. 2526/443.

Dáse conta do informe-proposta do xefe da Área de Fomento, do 31.01.14, conformado polo concelleiro delegado de dita Área, que di o seguinte:

Obra: "MELLORA DA ACCESIBILIDADE PEONIL ENTRE A PORTA DO SOL E ABELEIRA MENÉNDEZ. FASE I". Expte. 2421/443.

Localidade e situación: RÚA DA II REPÚBLICA.

Órgano de Contratación: CONCELLO DE VIGO.

Autor/a do proxecto: D. SANTIAGO LÓPEZ FONTÁN, D^a. BEGOÑA ARRANZ GONZÁLEZ.

ANTECEDENTES:

A Xunta de Goberno Local en sesión extraordinaria e urxente de data 18 de outubro de 2013 aprobou o PROXECTO DE MELLORA DA ACCESIBILIDADE PEONIL ENTRE A PORTA DO SOL E ABELEIRA MENÉNDEZ. FASE I cun orzamento de base de licitación de 489.769,49 € lve engadido, e en data 27 de decembro de 2013 en sesión extraordinaria e urxente acorda a adxudicación definitiva das obras á empresa CIVISGLOBAL, SL. por un prezo total de 402.491,98 € lve engadido.

Se prevé o comezo das obras de inmediato, polo que faise á Xunta de Goberno Local a seguinte PROPOSTA:

- Nomear como dirección facultativa da obra ao Técnico Municipal: D. ÁLVARO CRESPO CASAL

Do presente acordo daráselle traslado á empresa adxudicataria "CIVISGLOBAL, SL."

Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

7(233).- PREGO DE CLÁUSULAS ADMINISTRATIVAS QUE REXERÁ A CONCESIÓN ADMINISTRATIVA PARA O APROVEITAMENTO PRIVATIVO DO INMOBLE CHAMADO "CAFETERÍA-MIRADOR DO CASTRO" NO PARQUE DO CASTRO DE VIGO. EXPTE. 19659/240.

Examnadas as actuacións do expediente, visto o informe de fiscalización, do 6.03.14, o informe xurídico do 11.03.14, e de acordo co informe-proposta do xefe do Servizo de Patrimonio, do 12.03.14, conformado pola concelleira delegada de Patrimonio, a Xunta de Goberno local acorda:

1º.- Aprobar inicialmente o Prego de cláusulas administrativas que rexerá a concesión administrativa para o aproveitamento privativo do dominio público municipal mediante a instalación e explotación dun servizo de restauración (restaurante e/ou café bar e/ou cafeteria), da edificación coñecida como "CAFETERIA-MIRADOR DO CASTRO" sito no Paseo Rosalía de Castro do Parque O Castro.

2º.- Someter a información pública, polo prazo e procedemento regulamentario, o presente prego de cláusulas administrativas, entendendose definitivamente aprobado de non formularse alegacións ao mesmo durante dito periodo de información .

3º.- Abri-lo procedemento de licitación na forma legalmente prevista mediante a inserción de anuncios no Boletín Oficial da Provincia de Pontevedra e o Diario Oficial de Galicia, unha vez acadada a aprobación definitiva do prego de cláusulas administrativas particulares.

8(234).- PROPOSTA DE APROBACIÓN DO PROXECTO E CUSTOS ASOCIADOS DAS OBRAS DE "RENOVACIÓN DAS REDES DE ABASTECIMENTO E SANEAMENTO DA RÚA MOAÑA". EXPTE. 2342/443.

Visto o informe de fiscalización do 11.03.14, dáse conta do informe-proposta do xefe da Área de Fomento, do 7.03.14, conformado polo concelleiro delegado de dita Área, que di o seguinte:

A Xunta de Goberno Local en sesión celebrada o pasado 21 de novembro de 2011, acordou declarar a prórroga da concesión administrativa da Xestión Integral do Servizo de Abastecemento e Saneamento de Auga, outorgada a favor de Aqualia-FCC por un período de 5 anos.

Na cláusula terceira do citado acordo, establécese o compromiso por parte da entidade concessionaria do servizo de levar a cabo a execución do Plan de Inversións según as cuantías e prazos que se indican no citado documento. Dentro das inversións a realizar na anualidade do 2013 se acorda incluír o proxecto de Renovación das redes de abastecemento e saneamento da Rúa Moaña.

Tendo en conta a orde de servizo do Sr. Concelleiro da Área de Fomento de data 16 de abril de 2013, na que declara de urxencia e execución inaprazable o proxecto de Renovación das redes

de abastecemento e saneamento da Rúa Moaña, acórdase incluír o mesmo dentro das inversións a realizar na anualidade do 2013.

A Xunta de Goberno Local de data 26 de abril de 2013, acorda encargarse á empresa Aqualia a redacción do proxecto de referencia.

Con data xaneiro de 2014, a empresa concesionaria do servizo municipal de abastecemento e saneamento "AQUALIA" presentou proxecto redactado por Galaicontrol para a Renovación das redes de abastecemento e saneamento da Rúa Moaña, por un importe total de 662.460,42 € (IVE excluído).

Con data 6 de marzo, o Enxeñeiro Municipal D. Jerónimo Centrón Castaños informa ao respecto indicando que os prezos das distintas unidades son adecuados atendendo ao cadro de prezos de unidades de obra que rixe as obras de inversións da Entidade Concesionaria aprobado en Xunta de Goberno Local de data 22 de marzo de 2013, e aos prezos xerais do mercado.

Ao mesmo tempo e en data 24 de febreiro a empresa concesionaria do servizo municipal de abastecemento e saneamento "AQUALIA", presenta os custos asociados ao proxecto por un importe de 27.806,64 € (IVE excluído), detallados do seguinte xeito:

• Redacción do proxecto	11.133,79 €
• Asistencia técnica.....	11.133,79 €
• Coordinación de seguridade e saúde.....	2.783,45 €
Suma.....	25.051,03 €
11 % Gastos Xestión.....	2.755,61 €
Total (IVE excluído).....	27.806,64 €

O Enxeñeiro Industrial, D. Jerónimo Centrón Castaños, indica no seu informe de data 6 de marzo que as porcentaxes respecto do PEM do proxecto correspondense cos ratios que utiliza a Área de Fomento.

Polo anteriormente exposto, PROPONSE á Xunta de Goberno Local a adopción do seguinte acordo PROPOSTA:

1º.- Aprobación do proxecto para executar as obras de Renovación das redes de abastecemento e saneamento da Rúa Moaña, por un importe total de 662.460,42 € (IVE excluído), con cargo ao Plan de Inversións recollido na prórroga da concesión administrativa da Xestión Integral do Servizo de Abastecemento e Saneamento de Auga, outorgada a favor de Aqualia-FCC.

2º.- Aprobar os custos asociados ao proxecto por importe de 27.806,64 € (IVE excluído) d'accordo co seguinte detalle:

• Redacción do proxecto	11.133,79 €
• Asistencia técnica.....	11.133,79 €
• Coordinación de seguridade e saúde.....	2.783,45 €
Suma.....	25.051,03 €
11 % Gastos Xestión	2.755,61 €
Total (IVE excluído).....	27.806,64 €

€

Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

9(235).- PROPOSTA DE DOSIFICACIÓN DE REACTIVOS NA ETAP DO CASAL. APROBACIÓN DO PROXECTO E CUSTES ASOCIADOS. EXPTE. 2486/443.

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe de fiscalización do 11.03.14, dáse conta do informe-proposta do xefe de Área de Fomento, do 7.03.14, conformado polo concelleiro delegado de dita Área, que di o seguinte:

A Xunta de Goberno Local en sesión celebrada o pasado 21 de novembro de 2011, acordou declarar a prórroga da concesión administrativa da Xestión Integral do Servizo de Abastecemento e Saneamento de Auga, outorgada a favor de Aqualia-FCC por un período de 5 anos.

Na cláusula terceira do citado acordo, establécese o compromiso por parte da entidade concesionaria do servizo de levar a cabo a execución do Plan de Inversións según as cuantías e prazos que se indican no citado documento. Dentro das inversións a realizar na anualidade do 2013 se acorda incluír o proxecto de Proposta de dosificación de reactivos na ETAP do Casal.

Tendo en conta a orde de servizo do Sr. Concelleiro da Área de Fomento de data 15 de outubro de 2013, na que declara de urxencia e execución inaprazable o proxecto de Proposta de dosificación de reactivos na ETAP do Casal, acórdase incluír o mesmo dentro das inversións a realizar na anualidade do 2013.

A Xunta de Goberno Local de data 15 de novembro de 2013 acorda encargar á empresa Aqualia a redacción do proxecto de referencia.

Con data novembro de 2013, a empresa concesionaria do servizo municipal de abastecemento e saneamento "AQUALIA" presentou proxecto redactado por Esinpro, S.L. para a PROPOSTA DE DOSIFICACIÓN DE REACTIVOS NA ETAP DO CASAL, por un importe total de 330.254,63 € (IVE excluído).

Con data 6 de marzo, o Enxeñeiro Municipal D. Jerónimo Centrón Castaños informa ao respecto indicando que os prezos das distintas unidades son adecuados atendendo ao cadro de prezos de unidades de obra que rixe as obras de inversións da Entidade Concesionaria aprobado en Xunta de Goberno Local de data 22 de marzo de 2013, e aos prezos xerais do mercado.

Ao mesmo tempo e en data 19 de novembro de 2013 a empresa concesionaria do servizo municipal de abastecemento e saneamento "AQUALIA", presenta os custos asociados ao proxecto por un importe de 13.862,37 € (IVE excluído), detallados do seguinte xeito:

• Redacción do proxecto	5.550,50 €
• Asistencia técnica.....	5.550,50 €
• Coordinación de seguridade e saúde.....	1.387,62 €
Suma.....	12.488,62 €
11 % Gastos Xestión.....	1.373,75 €
Total (IVE excluído).....	13.862,37 €

O Enxeñeiro Industrial, D. Jerónimo Centrón Castaños, indica no seu informe de data 6 de marzo que as porcentaxes respecto do PEM do proxecto correspondense cos ratios que utiliza a Área de Fomento.

Polo anteriormente exposto, PROPONSE á Xunta de Goberno Local a adopción do seguinte acordo PROPOSTA:

1º.- Aprobación do proxecto para executa-las obras de Proposta de dosificación de reactivos na ETAP do Casal, por un importe total de 330.254,63 € (IVE excluído), con cargo ao Plan de Inversións recollido na prórroga da concesión administrativa da Xestión Integral do Servizo de Abastecemento e Saneamento de Auga, outorgada a favor de Aqualia-FCC.

2º.- Aprobar os costes asociados ao proxecto por importe de 13.862,37 € (IVE excluído) dacordo co seguinte detalle:

• Redacción do proxecto	5.550,50 €
• Asistencia técnica.....	5.550,50 €
• Coordinación de seguridade e saúde.....	1.387,62 €
Suma.....	12.488,62 €
11 % Gastos Xestión.....	1.373,75 €
Total (IVE excluído).....	13.862,37 €

Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

10(236).- PROPOSTA DE APROBACIÓN DO PROXECTO E CUSTOS ASOCIADOS DAS OBRAS DE “RENOVACIÓN DA REDE DE ABASTECIMENTO NA RÚA JENARO DE LA FUENTE, ENTRE RÚA TOLEDO E RÚA ARAGÓN”. EXPTE. 2369/440.

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe de fiscalización do 12.03.14, dáse conta do informe-proposta do xefe de Área de Fomento, do 7.03.14, conformado polo concelleiro delegado de dita Área, que di o seguinte:

A Xunta de Goberno Local en sesión celebrada o pasado 21 de novembro de 2011, acordou declarar a prórroga da concesión administrativa da Xestión Integral do Servizo de Abastecemento e Saneamento de Auga, outorgada a favor de Aqualia-FCC por un período de 5 anos.

Na cláusula terceira do citado acordo, establécese o compromiso por parte da entidade concesionaria do servizo de levar a cabo a execución do Plan de Inversións según as cuantías e prazos que se indican no citado documento. Dentro das inversións a realizar na anualidade do 2013 se acorda incluír o proxecto de Renovación das redes de saneamento e abastecemento no Barrio do Calvario (Expte. 1978/440), dentro do cal atópase recollida a Memoria valorada de Renovación da rede de abastecemento na Rúa Jenaro de la Fuente, entre Rúa Toledo e Rúa Aragón.

Con data febreiro de 2014, a empresa concesionaria do servizo municipal de abastecemento e saneamento “AQUALIA” presentou memoria valorada redactada por Vilar Montoro Ingeniería, SLP Para a Renovación da rede de abastecemento na Rúa Jenaro de la Fuente, entre Rúa Toledo e Rúa Aragón. , por un importe total de 30.824,77 € (IVE excluído), aprobado pola Xunta de Goberno Local de data 28 de febreiro de 2014.

En data 25 de febreiro de 2014 a empresa concesionaria do servizo municipal de abastecemento e saneamento "AQUALIA", presenta os costes asociados ao proxecto por un importe de 575,05 € (IVE excluído), detallados do seguinte xeito:

• Redacción do proxecto	518,06 €
11 % Gastos Xestión.....	56,99 €
Total (IVE excluído).....	575,05 €

Os prezos das distintas unidades son adecuados atendendo ao cadro de prezos de unidades de obra que rixe as obras de inversións da Entidade Concesionaria aprobado en Xunta de Goberno Local de data 8 de marzo de 2013, e aos prezos xerais do mercado.

O Enxeñeiro Municipal, D. Jerónimo Centrón Castaños, indica no seu informe de data 6 de marzo que as porcentaxes respecto do PEM do proxecto correspondense cos ratios que utiliza a Área de Fomento.

Polo anteriormente exposto, faise á Xunta de Goberno Local a seguinte PROPOSTA:

1º.- Aprobación dos costes asociados das obras de "Renovación da rede de abastecemento na Rúa Jenaro de la Fuente, entre Rúa Toledo e Rúa Aragón.", por un importe total de 575,05 € (IVE excluído), dacordo co seguinte detalle:

• Redacción do proxecto	518,06 €
11 % Gastos Xestión.....	56,99 €
Total (IVE excluído).....	575,05 €

Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

11(237).- PROPOSTA DE AMPLIACIÓN DO PRAZO DE EXECUCIÓN DAS OBRAS DE MELLORA E REPOSICIÓN DO PATIO DO COLEXIO ALFONSO RODRÍGUEZ CASTELAO, EN NAVIA. EXPTE. 2558/443.

Dáse conta do informe-proposta do xefe de Área de Fomento, do 17.02.14, conformado polo concelleiro delegado de dita Área, que di o seguinte:

A vista do informe da Asesoría Xurídica de data 07 de marzo de 2014, procedese a realizar o seguinte informe proposta que substitúe o informe proposta emitido con data 25 de febreiro para a aprobación pola Xunta de Goberno Local da proposta de ampliación de prazo, co obxectivo de afondar na xustificación realizada en relación as observación feitas pola Asesoría Xurídica do Concello de Vigo:

Con data 07 de febreiro de 2014, o adxudicatario das obras de referencia, Copcisa S.A. presenta solicitude de ampliación de prazo.

O prazo de execución contractual é de sete semanas. O acta de comprobación de replanteo firmouse o 20 de decembro de 2013. Dende o venres 10 de xaneiro ata o luns 27 de xaneiro a obra paralizouse para o recálculo e redimensionamento da estrutura metálica que se realizou para adaptar a estrutura a xeotecnia do terreo, tal como se recolle no libro de órdenes da obra. Esta situación non é imputable ao contratista xa que as condicións xeotécnicas encontradas non eran as indicadas en proxecto e polo tanto non podían ser supostas polo contratista na súa

oferta. Adxuntase ao expediente copia da folla nº1 do libro de órdenes que recolle a indicación de paralización.

Así mesmo, durante a execución da estrutura metálica de cuberta, a partir do 27 de xaneiro, a obra sufriu diversas suspensións dos traballos en altura a instancia do Coordinador de seguridade e saúde da obra, que non permite traballar con refachos de vento superiores a 45 km/h, como se recolle no libro de incidencias da obra. En concreto o longo de 33 días dende a reanudación das obras non se cumprían as condicións de seguridade adecuadas para o traballo en altura coa maquinaria dispoñible, como se comprobou co anemómetro existente en obra, o que provocou unha considerable redución do rendemento da obra nas unidades de colocación de estrutura metálica. Neste sentido adxuntase ao expediente informe meteorolóxico onde corrobora os datos obtidos en obra.

Estas causas de demora non comportan un efecto prexudicial e discriminatorio para outros licitadores, xa que non poideron preverse durante o período de licitación da obra, nin no proxecto constructivo. Neste sentido as condicións xeotecnias completas e detalladas soamente se coñecen coa apertura e excavación completa necesaria, en canto ao criterio do Coordinador de seguridade de non traballar con refachos de vento superiores se impuso unha vez comezada a obra.

Por todo isto e a criterio da dirección facultativa da obra, se indica que a ampliación do prazo solicitado ata o 29 de marzo de 2014 está convenientemente xustificada, polo que se fai a Xunta de Goberno Local a seguinte:

PROPOSTA:

Conceder a empresa Copcisa, S.A. unha ampliación de prazo ata o 29 de marzo para rematar a realización das obras de inversión de mellora e reposición do patio do Colexio Alfonso Rodríguez Castelao.

Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

E sen ter máis asuntos que tratar, o Sr. presidente rematou a sesión ás trece horas e corenta minutos. Como secretaria dou fé.

me.

O ALCALDE

A CONCELLEIRA-SECRETARIA
DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL,

Abel Caballero Álvarez.

M^a Jesús Lago Rey.